



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE DEZASEIS DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZANOVE**  
**(ACTA NÚMERO 39)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres. Deputados:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D<sup>a</sup>. José Luis Raposo Magdalena

D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño

**Secretario:**

D. Manuel Castiñeira Castiñeira

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisi3ns do Pazo Provincial, sendo as once horas do d3a **dezaseis de agosto de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do D3a regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario D. Manuel Castiñeira Castiñeira, Secretario- Interventor desta Deputación e asiste como Interventora D<sup>a</sup>. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asisten os señores Deputados D. Pablo Rivera Capón, D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez, D. Roberto Fernández Rico e D. Xosé María Arias Fernández.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA NOVE DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZANOVE.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de agosto de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DUN EMBAIXADOR DO TURISMO DA PROVINCIA DE LUGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN E CONSOLIDACIÓN DA MARCA LUGO CAMBIA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación de data 13 de agosto de 2019, no que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

Antecedentes

Informe da Área de Cultura sobre a necesidade administrativa a satisfacer e de insuficiencia de medios.

Providencia de inicio do expediente de contratación.



Solicitud de consignación orzamentaria.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito.

Informe de custes.

Prego de prescricións técnicas.

Prego de cláusulas administrativas particulares.

Memoria xustificativa

Acordo da Xunta de Goberno de data 22 de maio do 2019, polo que se aproba o expediente de contratación e o gasto proposto

Convite cursado a Martín Barreiro Carreira para presentar oferta, segundo o disposto na cláusula 12 e 15 do PCAP.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 26-06-2019 para a cualificación da documentación administrativa (sobre “A”) presentada polo contratista convidado ao procedemento negociado e apertura da documentación contida no sobre “B” relativo á oferta económica.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 10-07-2019, para a apertura e exame da documentación presentada polo licitador Martín Barreiro Carreira, en resposta ao requirimento de subsanación, e inicio da fase de negociación, en relación aos criterios obxecto de negociación recollidos na cláusula 12 do PCAP.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 19-07-19, para elevar ao órgano de contratación proposta de resolución de puntuación e requirimento de documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP.

Requirimento de documentación administrativa cursado o 06-08-10 a Martín Barreiro Carreira para que presente a documentación referida no apartado anterior.

Documentación presentada o día 10-08-19 e completada o 12-08-19.

Legislación aplicable

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).



Directiva 2014/23/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Restante normativa de xeral e concordante aplicación.

Consideracións xurídicas

Incoase expediente administrativo, coa finalidade de proceder á contratación de embaixador do turismo da provincial de Lugo para o desenvolvemento de acción de promoción e consolidación da marca “Lugo Cambia”.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

O contrato definido ten a cualificación de contrato de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou dunha subministración.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adjudicase mediante procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de

acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación); criterios que figuran na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas.

Motivouse a elección do procedemento e sistema indicados por razóns de exclusividade, recollidas na cláusula 2 do Prego de Prescricións Técnicas emitido pola Técnico de Turismo.

En cumprimento do acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo de data 22 de maio do 2019, cursouse convite a través da Plataforma de Contratos do Estado, na data 10 de xuño do 2019, a D. Martín Barreiro Carreira para presentar oferta en relación aos criterios de adjudicación recollidos na cláusula 12 do PCAP.

De conformidade coa acta da mesa de contratación de data 26 de xuño do 2019, procedeuse á dar conta dos datos que constan na Plataforma de Contratación do Sector Público, coincidindo o licitador presentado co convidado ao procedemento negociado:

Licitador
Martín Barreiro Carreira

Tendo en conta que o licitador concorrente presentou en tempo a súa proposta, procedeuse á apertura e exame do sobre “A” (documentación administrativa), resultando que no Anexo I (modelo de declaración responsable sobre o cumprimento de requisitos previos de conformidade co disposto no artigo 140 LCSP), detectáronse os seguintes defectos e omisións:

Documentación contida no Sobre A: Anexo I. Modelo de declaración responsable sobre o cumprimento de requisitos previos de conformidade co disposto no artigo 140 LCSP.

O apartado décimo, sobre supostos do artigo 42 do Código de Comercio, non se cumprimentou: Debe indicar o que proceda, marcando cun aspa algunha das posibilidades.

O apartado undécimo, sobre plan de igualdade, tampouco foi cumprimentado: Debe indicar o que proceda, marcando cun aspa algunha das posibilidades.



O apartado décimo terceiro, no que se debe facilitar unha dirección de correo electrónico, non se cumprimentou: Debe autorizar unha dirección de correo electrónico para comunicacións e notificacións que realice a Deputación de Lugo en relación a este expediente. Non obstante, no documento denominado “autorizaciones del licitador” si consta como correo a efectos de notificacións o seguinte: [comunicación.martinbarrerio@gmail.com](mailto:comunicación.martinbarrerio@gmail.com).

Tendo en conta o antedito, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade dos presentes solicitar a emenda dos defectos e omisións atopados, polo que se requiriu ao licitador Martín Barreiro para que presentara o Anexo I coas subsanacións requiridas dentro do prazo de tres días hábiles, de conformidade co disposto no art. 141 da LCSP.

Procedeuse á apertura da documentación contida no Sobre B, condicionada a continuidade do licitador no procedemento de adjudicación á subsanación da documentación administrativa do sobre A.

A oferta económica, segundo o establecido na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas, deba incluír o Anexo III, relativo aos criterios de adjudicación previstos na cláusula 12 do PCAP (Fase 1 do proceso de valoración de ofertas). Unha vez supervisado o Anexo III detectouse que o apartado 3, sobre oferta económica, non estaba cumprimentado: Deba incluír un importe en euros, IVE incluído, tendo en conta que non pode superar o orzamento base de licitación (15.730 euros, IVE incluído).

A Mesa de Contratación acordou por unanimidade dos presentes solicitar ao centro xestor, o Servizo de Cultura e Turismo, para que informe ao respecto da procedencia de requirir a subsanación da omisión do importe económico ao licitador Martín Barreiro e, no seu caso, presentar o Anexo III coa emenda requirida dentro do prazo de tres días hábiles, de conformidade co disposto no art. 141 da LCSP, aplicable por analoxía á oferta económica.

Con data de 10 de xullo do 2019, reuniuse novamente a Mesa de Contratación, tal e como consta na acta que obra no expediente, na que procedeuse á apertura e exame da documentación presentada polo licitador Martín Barreiro Carreira con data 5 de xullo de 2019, en resposta ao requirimento de subsanación efectuado en data 4 de xullo de 2019, resultando que presenta:

O Anexo I (modelo de declaración responsable sobre o cumprimento de requisitos previos de conformidade co disposto no artigo 140 LCSP) debidamente cumprimentado nos apartados requiridos (apartado décimo e undécimo) e incluíndo no apartado décimo terceiro unha dirección de correo electrónico para comunicacións e notificacións que realice a Deputación de Lugo en relación a este expediente.

O Anexo III (modelo de proposición económica) debidamente cumprimentado, co importe da oferta económica, pola cantidade de 15.730 euros, IVE incluído.

Nesta primeira fase do procedemento, Martín Barreiro Carreira obtén unha puntuación de 0 puntos ao non mellorar o prezo base de licitación na súa oferta, aínda que cumpre co tipo de licitación.

A Mesa de Contratación adoptou o seguinte acordo: Iniciar a rolda de negociación (Fase 2 do proceso de valoración de ofertas) de acordo co previsto na cláusula 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite a Martín Barreiro Carreira.

Con data de 19 de xullo do 2019, reuniuse novamente a Mesa de Contratación, tal e como consta na minuta da acta que obra no expediente, na que tras cursarse polo Servizo de Contratación o oportuno convite nesta fase de negociación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, deuse conta á Mesa do correo electrónico asinado, enviado polo licitador Martín Barreiro Carreira que di: (...) “confirmando que non presentarei unha nova proposta de mellora”.

A puntuación obtida polo licitador Martín Barreiro Carreira no proceso de valoración (fase 1 e fase 2) é 0 puntos.

A Mesa de Contratación acorda por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta de resolución:

Clasificar ao licitador admitido atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:





Licitador	Puntuación
Martín Barreiro Carreira	0 puntos

Requirir a Martín Barreiro Carreira para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

O Sr. Presidente da Excm. Deputación de Lugo aceptou a proposta feita pola mesa de contratación e consecuentemente, con data 6 de agosto resolveu requirir a Martín Barreiro Carreira, único licitador concorrente no expediente de contratación para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas. En base á amentada resolución, o Servizo de Contratación e Fomento cursou o pertinente requirimento, na data do 6 de agosto do 2019. Esta documentación presentouse pola entidade referida con data 10 de agosto do 2019, que foi completada o 19 de agosto do 2019.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º. Adxudicar a contratación dun embaixador do turismo da provincia de Lugo para o desenvolvemento de accións de promoción e consolidación da marca Lugo Cambia- a Martín Barreiro Carreira.

As prestacións son as seguintes (cláusula 2.2 do Prego de Cláusulas Administrativas e cláusula 3 do Prego de Prescricións Técnicas):

Converterse na imaxe visible da provincia de Lugo en accións de promoción turística e/ou institucional que se impulsen dende esta entidade.

Cesión dos dereitos de imaxe á Deputación de Lugo, por período de tempo ilimitado, para o uso do material audiovisual xerado durante o período do contrato (fotografía, vídeo e outros) coa fin de difundilo en medios de comunicación, con independencia do seu soporte, no marco das campañas de promoción turística e/ou institucional impulsadas dende a Deputación de Lugo.

Actuar como personaxe conductora do argumento dun audiovisual de promoción turística da provincia de Lugo que se desenvolverá baixo a temática proposta dende o Servizo de Turismo.

Actuar como asesor na elaboración do guión do citado audiovisual.

Aportar elementos de atrezzo, vestuario, estilismo ou estética persoal decorativa para a súa caracterización no audiovisual e/ ou nos eventos nos que puidese participar no marco deste contrato.

Planificación, elaboración e realización de, cando menos, catro publicacións mensuais en diferentes redes sociais, preferentemente Instagram (e Instagram Stories), Twitter e Facebook nos correspondentes perfís empregando o hashtag #Lugocambia. Para este fin, a Deputación de Lugo poderá poñer a disposición do contratista elementos do seu banco de imaxes.

O prazo de duración/execución do contrato será ata o 31 de decembro de 2019. Este prazo empezará a contar desde a data na que se proceda á formalización do correspondente contrato. O



contrato poderá prorrogarse por un período igual ao da primeira quenda, de conformidade co disposto no artigo 29 LCSP.

O contrato adxudícase por importe de 13.000 euros, aos que se engadirán 2.730 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 15.730 euros.

2º.- Determinar que o prezo contractual financiarase con cargo á aplicación 4320.640 do vixente Orzamento Xeral.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no artigo 202, ambos da LCSP, as obrigas previstas na cláusula 22.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

4º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

*Proposta de aprobación relativa a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Antas de Ulla para a execución dos fins comúns consistentes na adquisición de vehículo novo de servizos. Ano 2018, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 14 de decembro de 2018*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo a addenda ao Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Antas de Ulla para a execución dos fins comúns consistentes na adquisición de vehículo novo de servizos, ano 2018, no que literalmente se establece:

#### Antecedentes de feito

Con data 14 de decembro de 2018, aprobouse pola Xunta de Goberno o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o concello de Antas de Ulla para a execución dos fins comúns consistentes na adquisición de vehículo novo de servizos, ano 2018.

Nesa mesma sesión e acordo tamén se aprobou o gasto para o financiamento (por parte da Deputación Provincial) dos fins e actuacións contempladas no Convenio, que ascendía á contía máxima de 135.000,00 €.

Consta no expediente solicitude do concello de Antas de Ulla, interesando a prorroga para a execución dos investimentos obxecto deste convenio.

Resulta necesario, polo tanto, modificar aquel convenio para ampliar o prazo de execución ata o 30 de setembro de 2019.

O clausulado do convenio que resulta afectado por estes cambios, é a cláusula terceira, sobre obrigas e compromisos das partes.

O citado convenio contempla, na cláusula sexta, a posibilidade da súa modificación, co seguinte teor:

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do



documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Deste xeito, a cláusula referenciada, queda redactada da seguinte maneira:

“Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

### 3.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1) Ao financiamento dos investimentos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, con un total de 135.000,00€ con cargo ao orzamento do 2018.

2) En caso de producirse baixas na licitación, reducir a cantidade estipulada ao financiamento comprometido pola Deputación Provincial, ou previa solicitude do Concello, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutro investimento que deberá ser coa mesma finalidade e respecto do que deberá achegarse memoria das actuacións pretendidas.

3) Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

### 3.2. Concello de Antas de Ulla

En cumprimento do presente convenio interadministrativo, o Concello de Antas de Ulla comprométese ao seguinte:

a) Achegar como contribución ao fin común, o importe económico indicado na cláusula 4.2, de fondos propios.

- b) Aportar os permisos e autorizacións que sexan preceptivas, de ser o caso para adquirir o vehículo e poñelo en funcionamento, incluíndo o seu aseguramento.
- c) Licitar os investimentos con suxeición ao establecido no LCSP, como órgano de contratación, soportando de ser o caso os tributos que se apliquen.
- d) Aportar, para a execución do convenio, o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e a súa correcta execución.
- e) Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 30 de setembro de 2019.
- f) Asumir a titularidade dos resultados obtidos, abdicalos ao uso e fin público e conservalos e mantelos, segundo a finalidade.
- g) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación de Lugo.
- h) Convidar á representación institucional de Deputación aos actos oficiais, recepción, posta en funcionamento do vehículo e, de ser o caso, durante a realización das tarefas que lle incumben.
- i) Difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel e/ou pegatina, ou semellante) que lle será facilitado polo Gabinete de comunicación desta Deputación. Neste caso, o vehículo deberá portar un lugar visible dúas pegatinas facilitadas polo ente provincial.
- j) Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.”

Consideracións



O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a ambas entidades locais, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido: colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público– público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia. Este sistema cooperativo vese confirmado polo artigo 31 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, en tanto que regula a potestade de autoorganización e os sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, articulada, esta última e neste caso a través de un convenio guiado por consideracións de interese público. Neste sentido, o parágrafo segundo deste artigo 31 contempla a posibilidade de que as entidades pertencentes ao sector público poidan acadar a realización conxunta de contratacións específicas (...).

Esta acción pública colaborativa enmarcase nas relacións de cooperación interadministrativa con fundamento no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. A cooperación organizada a través do convenio que se modifica, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

En canto ao papel de cooperación da Deputación respecto dos concellos atopa fundamento singular no art. 36 da LBRL e mesmo o 30 do RDL 781/86, de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Respecto aos títulos competenciais, ademais dos xenéricos da Lei de bases de réxime local e da Lei de administración local de Galicia, compre citar a lexislación sectorial autonómica. Nese sentido cabe citar, en materia de residuos, o art. 6 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de Residuos de Galicia, atribúe as deputacións as seguintes competencias:

“1. Adoptar as medidas oportunas para asegurar, conforme o establecido na lexislación vixente en materia de administracións locais, a colaboración precisa aos concellos na prestación do servizo de recolla e xestión de residuos urbanos, incluíndo estes servizos como de carácter preferente nos plans provinciais de obras e servizos. 2. Así mesmo, de acordo co contido dos plans de residuos e nos termos establecidos na lexislación de réxime local, poderán contribuír economicamente á elaboración e execución de plans comarcais e locais de xestión de residuos.”

A Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, cuxo artigo 12.5, establece as competencias das entidades locais.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.





Resultan plenamente aplicables os fundamentos competenciais reflectidos no informe deste servizo de data 11 de decembro de 2018, emitido da aprobación do convenio cuxa modificación se tramita.

Na cláusula quinta do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Antas de Ulla para a execución dos fins comúns consistentes na adquisición de vehículo novo de servizos, aprobado pola Xunta de Goberno de data 14 de decembro de 2018, establécese a vixencia do mesmo ata o 30 de xuño de 2019. A cláusula sexta do mesmo dispón: “(...)“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015. A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”; con estas determinacións, a modificación pretendida do convenio podería levarse a cabo cumpríndose coa regulación legal establecida ao respecto, e as propias estipulacións conveniadas. Vixente o convenio en tanto non se produza a súa extinción (cláusula 5ª e 6ª) as partes poden acordar a súa modificación, por mutuo acordo, caso de concorrer interese común.

O art. 49 letra g) da Lei 40/2015, do 1 outubro, LRXP, precisa que réxime da modificación se pode incorporar o contido do convenio, tal e como sucede ca antedita cláusula.

O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído da lexislación de contratos en virtude do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en relación co artigo 31 da LCSP, sobre potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do

convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD), en aplicación do regulamento orgánico publicado no BOP do 10 de marzo de 2011 e de conformidade coa circular de Secretaría Xeral de data 2 de novembro de 2018.

En consecuencia, infórmase favorablemente a proposta de modificación do Convenio a medio de addenda, onde se faga constar a modificación identificada no presente informe, dadas as razóns de interese xeral expostas, necesario para alcanzar os fins e obxectivos perseguidos co aquel sistema de cooperación (acción colaborativa).

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar a cláusula terceira do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Antas de Ulla para a execución dos fins comúns consistentes na adquisición de vehículo novo de servizos ano 2018, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.**

Visto o Plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informe emitido polo director técnico da obra e polos servizos técnicos desta Excma. Deputación Provincial, vistos os informes dos Servizos desta Deputación así como a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.



2º.- Comunicar esta aprobación ao director técnico e contratista, para o seu cumprimento durante a execución da obra.

### **OBRA CUXO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBA**

Obra: FRIOL.- Rehabilitación de firme LU-P-1611 “Cinturón Comarcal”, P.K. 47+736-49+950.

Contratista: Francisco Gómez y Cía, S.L.

### **5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA Á ENTIDADE BENEFICIARIA DO PROGRAMA TECENDO EMPREGO.**

Logo de ver a proposta do seguinte teor:

“Considerando que con data 8 de outubro de 2018 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, Programa Tecendo Emprego, Fase I.

Tendo en conta que o extracto da convocatoria e as bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) Nº 239 do 18 de outubro de 2018.

Considerando que con data 21 de decembro de 2018 a Deputación de Lugo aprobou a relación definitiva de entidades beneficiarias, excluídos e listaxe de perfís e con data 3 de xaneiro de 2019 publicase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) Nº 002 a relación definitiva de entidades beneficiarias.

Tendo en conta que a seguinte entidade beneficiaria renuncia parcialmente a subvención outorgada:

Código	Razón Social	Subvención	D. Renuncia
2018/TEM_01/000018	Asociación A Mariña - Cogami	15.457,37 €	11/07/2019

Dita asociación tiña concedido dous perfís, ascendendo o importe total da subvención outorgada a 26.878,98€, renunciando só o posto de Terapeuta Ocupacional cuxo importe ascende a 15.457,37 €

De acordo coa lexislación vixente en materia de subvencións, así como coas Bases do Programa de Tecendo Emprego propónse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

Aceptar a renuncia da seguinte entidade:

Código	Razón Social	Subvención	D. Renuncia
2018/TEM_01/000018	Asociación A Mariña - Cogami	15.457,37 €	11/07/2019

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA Á ENTIDADE BENEFICIARIA DO PROGRAMA BEN EMPREGADO IV.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Considerando que con data 8 de setembro de 2017 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, Programa de Fomento do Emprego da Provincia de Lugo- Ben empregado IV, Fase I.

Tendo en conta que o extracto da convocatoria e as bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) Nº 221 do 25 de setembro de 2017.



Considerando que con data 2 de novembro de 2017 publicase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) N° 251 o extracto do acordo da Xunta de Goberno celebrada o 13 de outubro do 2017 polo que se aproba unha corrección de erro nas Bases do Programa de Emprego da Provincia de Lugo Ben Empregado IV.

Tendo en conta que con data 29 de decembro de 2017 a Deputación de Lugo aprobou a relación definitiva de empresas beneficiarias, reservas e excluídos e con data 2 de xaneiro de 2018 publicase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) N° 001 a relación definitiva de empresas beneficiarias.

Considerando que con data 20 de maio do 2019, publicase unha bolsa de emprego, con diferentes entidades entre as que se atopaba Abel Pérez Fernández. Asignase a candidata Dona Mónica Cuesta Regueiro, contratada con data 13 de xuño de 2019.

Tendo en conta que a entidade beneficiaria renuncia a subvención outorgada (achégase renuncia), sen recibir ningún anticipo, segundo o reflexado no seguinte cadro:

Exp.	Empresa	Subvención	D. Renuncia
BE4/A-17-29922	Abel Pérez Fernández	8.224,50 €	22/07/2019

De acordo coa lexislación vixente en materia de subvencións, así como coas Bases do Programa de Fomento de Emprego e a Economía dos sectores Estratéxicos da Provincia de Lugo, Ben Empregado IV, proponse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

Aceptar a renuncia da seguinte empresa:

Exp.	Empresa	Subvención	D. Renuncia
BE4/A-17-29922	Abel Pérez Fernandez	8.224,50 €	22/07/2019

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA PROVER, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, QUENDA LIBRE DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2017.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor.

“Celebrado o procedemento selectivo de Técnico/a de Xestión Medioambiental, cuxa convocatoria e bases específicas fixéronse públicas nos Boletíns Oficiais da Provincia número 246, de 26 de outubro de 2018 e número 281 de 10 de decembro de 2018, vista a proposta do Tribunal Cualificador, e visto que a aspirante presentou a documentación á que se refire o punto 13.1 das Bases Xerais que rexe a convocatoria, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos, esta Presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das Bases Xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo sinalado nomeando a:

Dona Andrea Macho Benito, para ocupar a praza número 855 de Técnica de Xestión Medioambiental, Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos Medios, Grupo A, Subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego para o ano 2017, cuxas bases fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia número 246, de 26 de outubro de 2018 e número 281, de 10 de decembro de 2018; asignándosele o posto de Técnica de Xestión Medioambiental nº 1339”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA PARA A APROBACIÓN, SE PROCEDE, E PUBLICACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS**



**E DAS ARTESÁS PARTICIPANTES NA MOSTRA DE ARTESANÍA  
“ARTESANFOILÁN”, 2019.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor:

“Visto o informe do Coordinador Xefe de Administración e Xestión Cultural do Centro de Artesanía e deseño, o cal di:

“De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción). ..)

(Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no art. 118, sobre o fomento e administración dos intereses peculiares da Provincia, sinala que corresponde a Provincia rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, a organización de concursos e exposicións e de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte...)

Polo anteriormente exposto considero procedente a aprobación das bases que teñen como obxecto regular as normas e condicións de participación dos e das artesás da mostra ARTESANFOILÁN 2019 organizada pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo.)

Polo cal, propono a Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases e os seus Anexos, que teñen como obxecto establecer as condicións de participación dos e das artesás da mostra ARTESANFOILÁN 2019 organizada pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo

2º.- Aprobar o gasto estimado de 25100 € para a celebración da mostra ARTESANFROILÁN 2019

3º.- Aprobar o prezo público para participar na mostra ARTESANFROILÁN 2019 de 60 € o metro cadrado.

4º.- Ordenar a publicación das bases e os seus modelo de solicitude no Boletín Oficial da Provincia”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **9. - COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

## **ASUNTOS DE URXENCIA**

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptouse o seguinte acordo:

**Xustificación para incluír por vía de urxencia na Orde do Día da Sesión Ordinaria o asunto “Aprobación, se procede, de nomeamento do suplente para asistir en calidade de presidente á mesa de contratación convocada para o día 19.08.2019 en relación aos expedientes EXP0029SE18-ABO e EXP0013SE19-ABO motivado pola ausencia do titular e o sustituto”.**





Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“A urxencia queda xustificada principalmente pola necesidade de nomear unha persoa para actuar como Presidente da Mesa de Contratación convocada para o día 19.08.2019, debido a ausencia do titular e suplente previstos nos respectivos PCAP, en relación aos expedientes que a continuación se mencionan:

1.- Contratación da realización de inventarios e informes técnico- económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos.

2.- Contratación por lotes do servizo de coordinación de seguridade e saúde na execución de obras e servizos da Deputación de Lugo.

Lote 2. Coordinación de seguridade e saúde na execución das obras e servizos baixo a dirección facultativa do servizo de vías e obras.

A necesidade do nomeamento do suplente motívase polo cese do titular e pola ausencia do suplente por permiso vacacional, estando constituída a Mesa de Contratación segundo consta na cláusula quinta dos PCAP relativos aos expedientes amentados, figurando do seguinte xeito: “(...)

Presidente: A persoa que exerza a titularidade da xefatura do Servizo de Contratación e Fomento:

Titular.- Don Manuel Ángel Jove Losada, Xefe do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: un funcionario/a do servizo de contratación e fomento, don José Antonio Arias Lombardero.

Os respectivos pregos foron aprobados en Xunta de Goberno.

O principio de eficacia administrativa aconsella non demorar a tramitación. Ademais debe ponderarse que xa está efectuada a convocatoria pública e a suspensión da celebración da Mesa, poderá carrexar incomodidades aos posibles asistentes.

Tendo en conta o antedito, proponse:

1) A incorporación, como asunto de urxencia na sesión ordinaria da Xunta de Goberno do 16/08/2019, do nomeamento do suplente para asistir en calidade de Presidente ás Mesas de Contratación convocadas para o día 19 de agosto de 2019 ás 12:00 horas e 12:15 horas, respectivamente.

2) Nomear a Dna. Margarita Tarrío Álvarez (Xefa de Sección I de Contratación Xeral, por autorización de Presidencia de data 10/07/2019, Xefa de Contratación e Fomento) para actuar como Presidenta das Mesas de Contratación convocadas para o día 19.08.2019 en relación aos expedientes que a continuación se mencionan:

Contratación da realización de inventarios e informes técnico- económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos.

Contratación por lotes do servizo de coordinación de seguridade e saúde na execución de obras e servizos da Deputación de Lugo.

Lote 2. Coordinación de seguridade e saúde na execución das obras e servizos baixo a dirección facultativa do servizo de vías e obras”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **10.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.